



*J. Muñoz de la Cueva:
Noticias históricas de la Santa
Iglesia Cathedral de Orense...,
Madrid (1727?) (MPG:
Biblioteca de A. Fraguas)*

Rosa María Méndez García

Licenciada en Xeografía e Historia, Sección Galicia. Responsable da Biblioteca e Arquivo documental do Museo do Pobo Galego. Forma parte do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia, así como do equipo de redacción da revista *Adra*. É membro do padroado do Museo.

Don Antonio Fraguas Fraguas

Rosa María Méndez García



e o Museo do Pobo Galego

Cando queremos falar do Museo do Pobo Galego temos que falar de Antonio Fraguas Fraguas, e cando falamos de Fraguas non podemos esquecer falar do Museo. Pero, quizais sexa máis preciso falar de don Antonio e os Museos de Bonaival.

SAN DOMINGOS DE BONAIVAL: O MUSEO MUNICIPAL

Tralo peche do Hospicio no ano 1959, sito no antigo convento de San Domingos de Bonaival, a Corporación Municipal crea un Padroado, e no que en sesión do 31 de outubro de 1960 acorda nomear a don Antonio vocal electivo na *Sección de Etnología*. Será no ano 1963, tras habilitar unhas dependencias do primeiro andar do claustro cando se crea o Museo Municipal de Santiago, sendo nomeado director don Antonio Fraguas Fraguas.

Dirección que leva con profesionalidade a pesar dos escasos recursos cos que contaba e o precario estado do edificio. El cataloga as pezas, xestiona novas adquisicións, fai visitas guiadas e, en definitiva, atende todas aquelas tarefas pertinentes ao seu cargo. Gustaríanos destacar aquí as importantes exposicións de arte contemporánea levadas a cabo nos anos 1971 e 1974 e a singularidade da colección con fondos tan

valiosos como os procedentes do Hospital Real depositados pola Deputación Provincial da Coruña.


En febreiro de 1985 presenta a súa dimisión como director de Museo Municipal, por incompatibilidade coa súa xubilación, despois dunha dedicación de 13 anos e pasa a ser nomeado director honorario.

DO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS AO MUSEO DO POBO GALEGO

A súa implicación co Museo do Pobo Galego parte da convocatoria que se fai promovida desde o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, e na que é invitado a asistir á xuntanza que tería lugar no Hostal dos Reis Católicos o sábado, 24 de xaneiro de 1976, onde os promotores do proxecto (Rafael Baltar, Manuel Gallego, Justo Beramendi e Carlos García Martínez) expoñen a necesidade de crear un Museo onde acoller as diversas manifestacións da cultura galega, dándolle así continuidade ás arelas do desaparecido Seminario de Estudos Galegos. Don Antonio asistirá e participará de forma activa, nesa primeira xuntanza créase a *Comisión Xestora*, nela figuran: Rafael Baltar como presidente, Carlos García Martínez como secretario, Xaquín Lorenzo, Antonio Fraguas e Luciano García Alén como vocais



San Domingos de Bonaval, Museo do Pobo Galego: o claustro



Carta de X. Lorenzo a A. Fraguas, 25 de novembro de 1980 (MPG: Fondo "A. Fraguas", correspondencia)



O padroado do Museo do Pobo Galego o día da inauguración, 29 de outubro de 1977, co presidente do mesmo, Xaquín Lorenzo, e o director, Antonio Fraguas [MPG: Arquivo fotográfico]

e Modesto Rodríguez como asesor xurídico, tendo como tarefa a posta en marcha do Padroado que rexentará o futuro museo e que se fará efectivo o 24 de abril dese mesmo ano.

Estruturado o Museo do Pobo Galego, don Ramón Otero Pedrayo é nomeado presidente do Padroado e don Antonio e don Xaquín Lorenzo vicepresidentes. A prematura morte do primeiro fai que X. Lorenzo asuma o cargo de presidente e Fraguas ocupará o cargo de director do MPG.

Don Antonio, xunto a X. Lorenzo, Río Barja e outros representan o vínculo directo co Seminario de Estudos Galegos, que non volvera a funcionar como tal despois da Guerra Civil. Nel confían o seu voto cando non poden asistir e necesitan delegar:

... na imposibilidade de asistir a xunta do día 31, dos fundadores do Museo do Pobo Galego pra esco-

ller os membros da Directiva, prégoche que me representes e que o meu voto sexa para pra quen ti designes... (carta de Río Barja, 21-VII-76).

E vémolos tamén na correspondencia que no mes de Santos de 1980 lle envía Xaquín Lorenzo amosando unha confianza plena nel:

... Prégoche, polo tanto, que me substituias e fagas por min as suxerencias que che parezan ben. Dou por anticipado a miña conformidade ás túas decisións.

Esta relación entre o Museo do Pobo Galego e o Seminario de Estudos Galegos, queda amplamente reflectida na entrevista que o xornalista Lois Caeiro fíxolle o 17 de agosto de 1976 para o xornal *El Ideal Gallego*:

1. *¿Como nace a idea del Museo? Este Museo, que pudiera llamarse antropológico, tiene una idea ya*

de medio siglo. Hace cincuenta años aproximadamente hemos comenzado una labor de reunión de objetos en lo que entonces era el Seminario de Estudios Galegos. La guerra civil transformo todo (...) ahora se remueve esta idea. (...) No se trata de volver a esos objetos, se intenta conservarlos para que los vea y estudie la gente. Esto en cuanto a la manifestación de tipo material... hay una segunda parte que es la espiritual (...) el fin del Museo es abarcar todas las manifestaciones de interés antropológico para conservarlas y para que puedan ser estudiadas.

Vemos tamén a fortaleza e confianza que tiña no proxecto Museo:

2. ¿No será este futuro Museo una de tantas utopías frustadas en Galicia? *No, no. La prueba de que no es una utopía es que se pueden ver una serie de objetos reunidos (...) y esto inicialmente, piense que todavía se aprobaron los estatutos hace muy pocos días. Y ya tenemos objetos...* (En clara referencia á colección cerámica de Luciano Alén e María García Ayaso) (Arquivo A. Fraguas).

Don Antonio Fraguas, home cun gran sentido da responsabilidade e alta capacidade de traballo soubo distribuír con pericia o tempo que precisaba dedicarlle aos dous Museos sen abandonar as súas angueiras como etnógrafo, escritor ou conferenciante.

MUSEO DO POBO GALEGO: DIRECCIÓN E PRESIDENCIA

Desde a dirección primeiro e como presidente do padroado desde decembro de 1989, don Antonio participa en todas aquelas ocupacións nas que era requirido tanto na representación do Museo, como polo seu coñecemento sobre a materia.

Para as relacións institucionais contouse sempre coa súa presenza, a súa temperanza e proximidade facilitaban extraordinariamente os protocolarios actos institucionais, e así o puidemos apreciar en moitas ocasións: no mes de xuño de 1991 recibe a visita real e con eles percorre as distintas salas do Museo; en agosto do mesmo ano recibe ao Presidente da República portuguesa don Mario Soares, en 1994 á Ministra de Cultura dona Carmen Alborch; en 1998

será a Mesa do Parlamento de Galicia a quen recibirá. Visitas todas elas encamiñadas tanto a mostrar o traballo feito como a solicitar axuda para poder continuo. E neste sentido, no ano 1995 a súa firma asina os convenios económicos con Caixa Galicia e Caixa Vigo e os convenios de colaboración co Parlamento ou a Universidade de Santiago.

Non faltaron tampouco as actividades científicas, simposios, congresos, cursos, nos que el non estivera presente: Xunto a profesor portugués, Octávio Lixa Filgueiras e Raquel Casal, Directora Xeral de Cultura presidiu a sesión inaugural do *I Coloquio Etnografía marítima* celebrado en 1984, en 1990 foi o *Congreso Castealo*, e será *O feito diferencial na Antropoloxía* celebrado en 1998 un dous últimos que preside.

Acompañou e presentou ó profesor Carlos Alonso del Real en 1989, quen pronunciou unha conferencia sobre *“Tradición oral. Documento arqueolóxico e historia escrita*. Presentará tamén a Jean Markale (1992) ou a Guadalupe González-Hontoria na presentación do seu libro *As artesanías en España* o 20 de outubro de 1998 .

Dentro das actividades máis de difusión como son as exposicións que foron moitas as que contaron coa súa presenza. Comezaremos por destacar a colaboración de don Antonio na exposición *O libro galego onte é hoxe*, organizada pola asociación de Libreiros de Galicia no ano 1979, e onde a súa participación é múltiple, por unha parte como director do Museo Municipal cede o espazo chamado “salón real” para a celebración da mostra, por parte do Museo do Pobo Galego está presente na Comisión Organizadora e como bibliófilo contribúe co préstamo de libros da súa colección particular. Presenta tamén aquelas que teñen como referente Santiago, cidade que el tan ben coñecía: *Compostela en cartas postais* (1900-1950) na que fai tamén o texto do programa (1988); *Memoria de Galicia e Sons do Pórtico* en 1993 e 1994 respectivamente, ou aquelas que como a exposición “O Entroido” están relacionadas co seu ameto de estudo. En febreiro de 1999 inda ten ánimos para presentar a exposición do fotógrafo Virxilio Vietez.

Son abondosas as conferencias que deu por toda Galicia e incluso fora dela en representación do museo: incidiremos aquí naquelas nas que participou



*Don Antonio
co persoal e
colaboradores do
Museo*
[Foto: Moisés Janeiro]

como homenaxe a algúns dos seus máis queridos amigos:

En Ourense, dentro do ciclo de *Antropoloxía e Etnografía "Vicente Risco"* co lema "Primeiros pasos da etnografía galega", pronuncia unha conferencia o 19 de maio de 1981.

No homenaxe a "Xocas" que se lle fai na Fundación Otero Pedrayo, presenta o libro *"A Nosa Señora do Viso"*, 1983.

En Vilagarcía de Arousa abre os actos do Día das Letras Galegas de 1986 participando na *Homenaxe a Aquilino Iglesia Alvariño*.

Ese mesmo ano, en Ourense, da unha conferencia co tema *Cuevillas e a etnografía*. que co gallo do homenaxe que se lle fai no centenario do seu nacemento.

O 2 de novembro de 1990, dentro do ciclo en memoria de Don Xaquín Lorenzo Fernández e organizado polo Ateneo de Ourense pronunciará unha conferencia baixo o lema de "Do folklore galego".

En decembro de 1989, trala morte do seu antecesor, será nomeado Presidente do Padroado do Museo, pasando a ser director en funcións Carlos García Martínez que ocupaba o cargo de subdirector, non


será esta a primeira vez que don Antonio ceda o seu cargo a Carlos García, en 1972 don Antonio deixa o cargo de bibliotecario no Instituto "Padre Sarmiento" e será Carlos quen pasará a ocupar dito posto.

Recordamos a don Antonio nun dos seus últimos actos, o 2 de febreiro presenta os cadernos do Museo do Pobo Galego *A casa popular e As construcións adxectivas*, da autoría de Manuel Caamaño Suárez.

En decembro de 1998 don Antonio pide ser relevado dos seus compromisos por motivos de saúde, na asemblea do 29 de maio de 1999, o Padroado toma conta da súa dimisión irrevogable da Presidencia do Padroado do Museo.

Non pode faltar aquí a nota humana, e obrigado dicir que don Antonio era moi querido e respectado por todo o persoal do Museo e inclúo nesta acepción de persoal á moita xente, que por colaboración, prácticas, contratos, voluntariado, etc, pasaron por este Museo e tiveron ocasión de coñecelo.

Nos últimos anos, cando a súa presenza no Museo era menos asidua, a súa chegada sempre era unha ledicia para todos nós, sempre tiña tempo para pararse con calquera dos traballadores e parolar sobre o tempo, contar algunha anécdota ou comentar algún cambio ou actividade que se estaba a realizar no Museo.



Na biblioteca da súa casa
[Foto El Correo Gallego]

Con el gustábanos de celebrar sempre o seu aniversario o 28 de decembro, día dos Santos Inocentes e no que algunhas veces había un pequeno ágape. O 29 de decembro de 1993, cando cumpre os 89 anos escribe no seu *diario*: *Reunión no Museo, os traballadores fixéronme o seu homenaxe. Causoume tristura.*

● SEU LEGADO

Don Antonio durante os últimos 25 anos da súa vida dedicou gran parte do seu tempo ao Museo, pero dedicou toda a súa vida aos libros, chegando a ter unhas das bibliotecas máis senlleiras de Galicia no que a cultura galega atinxe. E a súa xenerosidade co Museo foi máis aló do desempeño das súas funcións como director primeiro e como Presidente do padroado despois, el cedeu ao Museo o seu tesouro, *os seus amiguiños*.

Na súa axenda do ano 1994 o día 6 de abril escribe:

...Comezan a levar os libros pro Museo as dúas rapazas rexistran e poñen o carimbo a cada libro. O primeiro día levaron douscentos, o segundo parece que algo menos...

E así foi, días antes don Antonio falara co Director do Museo, Carlos García Martínez a quen lle expuxo a súa intención de doar a súa biblioteca ao Museo, axiña decidiuse comezar co traslado de libros. Ana Dadín e mais eu, marchamos para a súa casa na rúa de Montero Ríos para facer o inventario, embalar e mandar para o Museo tan rico tesouro.

Durante tres meses estivemos na súa casa e foron moitos e agradables os momentos que don Antonio nos dedicou, contándonos retalos da súa longa vida na procura de libros, el amaba os libros e na súa colección todos eran importantes, todos tiñan a súa historia: este era dos primeiros libros que tivera, este outro andou a procura del durante moito tempo, aqueloutro foi un prezado agasallo do autor e tamén algún, mercado por catálogo, resultou ser unha desilusión. Os seus libros están cheos de notas, pero non gustaba de subliñar ou anotar no libro, un pequeno recorte de papel servía para marcar unha páxina ou por un apuntamento, mesmo servía unha estampíña, e moitos ían acompañados da crítica periodística sobre o libro ou o autor.

Abondosos son os libros que levan unhas letras do autor con cariñosas dedicatorias: antigos alumnos que co tempo chegaron a ser escritores, estudosos dunha



Museo do Pobo Galego: A biblioteca de Antonio Fraguas

determinada materia, compañeiros de traballo ou colegas doutros países, e de moita xente que apenas traxeron con el un par de horas ou escoitouno nunha conferencia pero que quedaron prendidos da súa entrañable forma de ser.

Así relata Carlos García Martínez o acto de recepción da biblioteca Fraguas no Museo do Pobo Galego:

O 17 de decembro de 1994 a seguir da asemblea de Padroado, ás 13 horas, celebrase o acto de recepción. Están presentes o Sr. Presidente a Xunta de Galicia, o Ser Presidente do Parlamento, Sr. Alcalde de Santiago, o Sr. Conselleiro de Cultura, a familia,, os membros do Padroado e dos órganos directivos do MPG, socios e unha importante representación institucional e cidadán. No libro de ouro, con emoción, escribirá: “No día de que deixamos o noso “tesouro”, a sinxela biblioteca co pensamento na terra e na nosa cultura.”(Revista Adra, núm. 2, 1994).

PERO COMO É A SÚA BIBLIOTECA?

Don Antonio foi un estudoso da nosa cultura, a historia, a xeografía, a literatura, as artes, as humanidades en xeral, eran as fontes onde el ampliaba o seu saber, isto levouno a conformar unha gran biblioteca, destacaremos aquí algunhas das obras máis senlleiras que a conforman.

Do seu fondo antigo podemos entresacar a obra de Juan Pallares Y Galoso *Argos Divina Sancta María de Lugo de los ojos grandes, fundación y grandezas de su iglesia...*, unha edición de 1700 da imprenta santiaguesa de Benito Antonio Frayz feita por Jacinto del Canto. De contra 1727 é a obra *Noticias históricas de la Santa Iglesia Cathedral de Orense* do bispo Joan Muñoz de La Cueba. Non menos importantes son as *Obras en verso y en prosa* de don Diego Antonio Cernadas y Castro, cura de Fruíme, edición en varios volumes impresa en Madrid nos talleres de Joachim Ibarra entre 1778 e 1789.



Biblioteca de A. Fraguas: *Catecismo do labrego*, 1898

A historia e a xeografía de Galicia teñen xenerosa representación: O libro de Manuel Murguía *Galicia* editado en Barcelona en 1888; do seu admirado amigo Otero Pedrayo: *Guía de Galicia: Geografía, Historia, vida económica...* Madrid, Espasa Calpe, 1926; ou a obra de Benito Vicetto *El lago de La Limia: historia caballeresca del siglo IX*, de 1861, procedente da imprenta de Castor Míguez na Coruña.

Pero non só de Galicia, tamén o que os galegos fan, un dos libros do que máis lle gustaba gabarse era das *Memorias históricas sobre la Australia, y particularmente acerca de la Misión Benedictina de Nueva Nursia, y los usos y costumbres de los salvajes*, publicado en Barcelona en 1853, ou o relato que do noso País fan outros como Juan de Dios de La Rada y Delgado, *Viaje de SS.MM. y AA. por Castilla, León, Asturias y Galicia*, editado en Madrid por Aguado en 1860.

Curiosa é a edición de *Nuestro Planeta*, Valencia, 1910, do xeógrafo e anarquista francés Eliseo Reclús.

Sería longo de citar aquí as obras de literatura, dicionarios ou revistas que completan a seu fondo bibliográfico. Só remarcar aquí a importancia dos “ephemera” folletos e follas voandeiras que foi gardando, e que hoxe nos permiten achegarnos ás festas de Betanzos ou Santiago desde finais do século XIX ou coñecer cales eran as cancións que gustaban de cantar nos anos 20 ou como se celebraba o Entroido nos distintos lugares de Galicia.

Cómpre destacar a obra de Castelao, *Galicia Mártir: estampas*, publicado en Valencia por “Ediciones Españolas”, 1938?. É un exemplar acuñado coa seguinte lenda: *Cataluña, Auditoría de Guerra. Juzgado militar*

Tralo seu pasamento chega tamén o seu arquivo persoal, documentos, cartas, orixinais, notas, etc. que nos permiten non só aproximarnos a súa vida e coñecer a súa obra se non tamén ao ameto cultural galego de todo o século XX.

Don Antonio gardou todo, poucos arquivos temos tan completos. Abondosos son os documentos persoais: carnés, currículos, diarios, anotacións varias, etc. amais dos documentos profesionais que nos falan da súa vida como docente e das súas estancias en Santiago, A Estrada, Lugo e finalmente retorno a Compostela.

A través da súa correspondencia achegámonos e compartimos esa relación intelectual e de gran amizade que mantiña con Tano, Sebastián García Paz, Bencho-Sey, Pura Lorenzana, Pérez Bustamante, co grupo ourensán de X. Lorenzo, Otero Pedrayo, López Cuevillas, Risco. Cos colegas portugueses: Fernando de Castro Pires de Lima, Claudio Basto, Mario Cardozo, Alberto Vieira Braga, Santos Júnior, etc.

Non faltan tampouco os orixinais da súa prolífica obras, coas anotacións e referencias bibliográficas empregadas na súa elaboración. Devida mención merece Agustín Paz Elía, quen clasificou e ordenou a meirande parte do arquivo.

Acompañan este legado bibliográfico e documental unha importante colección fotográfica, amais das moitas honras e premios que recibiu, títulos, medallas ou pezas conmemorativas. Dentro dos obxectos



*Don Xaquín
impoñéndolle a Medalla
de Ouro do Museo, o 22
de decembro de 1995*

doados destacaremos o candil que levaba cando ía á escola en Insuela (a aldea onde naceu).

Hoxe, trala súa morte, a súa vida latexa aquí na súa biblioteca e arquivo. Así o amosan eses máis de 20.000 volumes entre monografías e revistas e as 100 caixas con documentos e manuscritos relacionados coa súa vida e a súa época, para *aproveitamento de toda a comunidade*.

MOITAS GRAZAS, DON ANTONIO

Queda patente que toda esta dedicación de don Antonio ao MPG tiña que ser debidamente agradecida. Polo que o Padroado do Museo acorda impoñerlle a Insignia de Ouro. Será das mans do seu querido amigo e irmán don Xaquín Lorenzo Fernández, presidente do Padroado de quen recibirá o galardón, nun acto celebrado o 26 de maio de 1984.

En 1994 o Museo acorda publicar, dentro da serie Alicerces e baixo o título *Do Entroido* unha versión en galego dos artigos “Máscaras e sermóns de

Entroido en Cotobade” (1946), “Farsas de Entroido en Touro” (A Coruña) (1951), e “A farsa de Casadenaia (Antas da Ulla)” (1956).

O 22 de decembro de 1995 celébrase un acto académico no seu honor con motivo do seu 90 aniversario, actuando como mantedor D. Francisco Fernández del Riego.

Cando na Asemblea de maio de 1999 acordouse crear unha fundación deseguida considerouse pertinente que esta levara o seu nome, e conformar como unha das actividades máis relevantes dentro da Fundación o premio Proxecto didáctico Antonio Fraguas que pretende rememorar a súa figura na súa dobre vertente de pedagogo e etnógrafo. Esta convocatoria anual busca premiar aqueles traballos escolares que pescudan sobre o patrimonio etnográfico, antropolóxico, xeográfico, histórico e artístico da súa contorna. A acta constitucional da Fundación asínaa o 9 de agosto de 1999 na súa casa.

Grazas por todo, don Antonio.